



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

MATERIA: CIENCIAS NATURAIS

CURSO: TERCEIRO

ANO ACADÉMICO: 2020/2021

ÍNDICE

CONTEXTO	p. 3
ALUMNADO	p. 4
OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO.....	p. 4
SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN	p. 5
METODOLOXÍA PRESENCIAL	p. 8
METODOLOXÍA NON PRESENCIAL	p. 10
AVALIACIÓN	p.11
CRITERIOS DE AVALIACIÓN	p.12
CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE	p. 16
AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE	p. 16
AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	p. 17
ATENCIÓN Á DIVERSIDADE	p. 18
ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	p. 20
CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO	p. 20

1. CONTEXTO

- CENTRO:

Situación:

O nome actual do centro é o de Colexio de Educación Infantil e Primaria HumbertoJuanes. É un centro público do que é titular a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria.

O colexio ubícase na parroquia de Nigrán no Concello de Nigrán, Rúa Curros Enríquez Nº 2, CP 36350.

Comeza o seu funcionamento no curso 1972/1973 acollendo a alumnos das parroquias de Camos, Panxón, San Pedro da Ramallosa e Priegue. Actualmente as adscritas ao noso centro son Priegue e Nigrán. Ademais ao noso centro acude alumnado de Camos, Panxón, Chandebrito, A Ramallosa, Baiona, Gondomar e Saiáns.

Centro adscrito:

IES Val Miñor, centro de Ensino Secundario adscrito ao CEIP HumbertoJuanes.

Ensinanzas que oferta:

O CEIP Humberto Juanes oferta 2º ciclo de educación infantil e Educación Primaria.

O alumando pode escoller entre Relixión Católica ou valores sociais e cívicos. O único idioma que ofertamos como lingua estranxeira é o inglés.

Características singulares:

Programas nos que participamos:

- E-dixgal
- Aprender a cooperar, cooperar para aprender
- Seccións bilingües en plática en inglés en 1º, 2º, 5º e 6º
- Tutoría entre iguais
- Contratos programa
- PLAMBE

- ALUMNADO
Hai un total de 47 alumn@s

Poboación inmigrante: non temos neste curso

Alumnado con NEAE no curso actual: seis alumn@s

Outras características: grupos recién formados, despois de estar agrupados dun xeito na Ed. Infantil e doutro xeito nos cursos 1º e 2º. Estamos traballando na idea de colectivo. Non hai problemas de discriminación por razóns de raza, sexo, relixión,...que se tiveran detectado no pasado curso nin no que leva transcorrido deste.

- **OBXECTIVOS ADAPTADOS AO CONTEXTO DO CENTRO E DO ALUMNADO**

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos e nas nenas as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo/a, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a prevención e para a resolución pacífica de conflitos que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito familiar e doméstico, así como nos grupos sociais cos que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade nin por outros motivos.

e) Coñecer e utilizar de xeito apropiado a lingua galega e a lingua castelá, e desenvolver hábitos de lectura en ambas as linguas.

f) Adquirir en, polo menos, unha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.

g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser quen de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.

h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura, con especial atención aos relacionados e vinculados con Galicia.

- i) Iniciarse na utilización, para a aprendizaxe, das tecnoloxías da información e da comunicación, desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das demais persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física e o deporte como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual.
- n) Fomentar a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico.
- o) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

2. SECUENCIACIÓN E TEMPORALIZACIÓN

2.1 PLAN DE REFORZO E RECUPERACIÓN DA MATERIA DO CURSO 19/20.

Segundo a adaptación feita no terceiro trimestre do curso anterior, o alumnado non ten ningún estándar imprescindible pendente de traballar e avaliar. Dadas as semellanzas co currículo propio de terceiro de primaria, traballaremos dende as aprendizaxes previas adquiridas para profundar máis nos distintos temas.

No plan de reforzo estableceranse as medidas metodolóxicas e organizativas que favorezan o pleno desenvolvemento de todo o alumnado. Entre estas medidas estarán a proposta de tarefas globalizadas que requiran da posta en práctica de todas as competencias do alumnado, as aprendizaxes colaborativas, o uso das TIC como recurso didáctico, actividades que favorezan a auto-aprendizaxe, o pensamento crítico e creativo, a investigación mediante proxectos de traballo, entre outras.

2.2 1ª AVALIACIÓN, 2.3 2ª AVALIACIÓN, 2.4 3ª AVALIACIÓN... táboa que segue

ÁREA CIENCIAS NATURAIS

UNIDADE			TEMPORALIZA
---------	--	--	-------------

TEMÁTICA/ PROXECTO	CONTIDOS	CONTIDO	MATERIAIS	CIÓN			
				MES	N.º de SE SIONS		
BLOQUE 1. INICIACIÓN Á ACTIVIDADE CIENTÍFICA							
	B1.1	Realización de proxectos e presentación de resultados.	<ul style="list-style-type: none"> • Materiais informáticos • Materiais manipulativos • Materiais de elaboración propia • Elementos da vida cotiá • Libros de texto e complementarios 	Todo o curso			
	B1.2	Busca guiada de información en internet e noutros soportes.					
	B1.3	Utilización básica de tratamento de textos para a presentación de traballos.					
	B1.4	Iniciación á actividade científca.					
	B1.5	O traballo colaborativo.					
	B1.6	Técnicas de estudo e traballo.					
	B1.7	Hábitos de traballo, esforzo e responsabilidade.					
BLOQUE 2. O SER HUMANO E A SAÚDE							
O FUNCIONAMENTO DO NOSO CORPO	B2.1	O corpo humano e o seu funcionamento.	<ul style="list-style-type: none"> • Materiais informáticos • axeitados • Materiais para elaborar e degustar algunhas propostas de almozos saudables • Libros de texto e complementarios 	Novembro	10 sesións		
	B2.2	As funcións vitais. Importancia dos sentidos en relación co medio.					
	B2.3.	Recoñecemento dos cambios físicos e persoais nas diferentes etapas da vida das persoas					
	B2.4	Saúde e enfermidade				Decembro	6 sesións
	B2.5.	Hábitos saudables: alimentación, hixiene, exercicio físico e descanso.					
	B2.6	Factores que producen as enfermidades máis habituais: carie, obesidade, gripe, catarros...					
	B2.7	Coñecemento de si mesmo/a e dos e das demais: emocións e sentimentos propios e alleos.					
	B2.8	A relación cos demais. Toma de decisións.					
	B2.9	A igualdade entre homes e mulleres.					
A ALIMENTACIÓN E A	B2.10	Clasificación dos alimentos en función dos nutrientes principais.		Outubro	8 sesións		
	B2.11	Pirámide alimentaria.					

SAÚDE	B2.12	Análise de dietas equilibradas.				
BLOQUE 3. OS SERES VIVOS						
OS SERES VIVOS E AS SÚAS RELACIÓNS CLASIFICACIÓN DE ANIMAIS E PLANTAS	B3.1	Diferenza entre seres vivos e inertes.	<ul style="list-style-type: none"> • Materiais informáticos axeitados • Elementos naturais: follas, froitos e sementes • Libros de texto e complementarios 	Xaneiro	6 sesións	
	B3.2	Identificación de animais e de plantas como seres vivos.				
	B3.3	Clasificación de animais vertebrados e invertebrados a partir de características observables.				
	B3.4	Clasificación das plantas (herbas, arbustos e árbores) a partir de características observables.				
	B3.5	Utilización guiada de claves e de guías de animais e plantas para a clasificación e identificación dalgunhas especies existentes en Galicia.			Febreiro	8 sesións
	B3.6	Identificación de cambios observables que se producen nos seres no contorno.				
	B3.7	Observación e comparación das diversas maneiras en que os seres vivos realizan as funcións vitais utilizando instrumentos apropiados e medios audiovisuais e tecnolóxicos.				
	B3.8	Valoración da biodiversidade e interese pola súa conservación.				
BLOQUE 4. MATERIA E ENERXÍA						
A MATERIA E A ENERXÍA	B4.1	Fontes de enerxía. A enerxía e os cambios.	<ul style="list-style-type: none"> • Materiais informáticos • Materiais manipulativos • Materiais de elaboración propia • Elementos da vida cotiá para a realización de sinxelas experiencias • Libros de texto e complementarios 	Abril	8 sesións	
	B4.2	Intervención da enerxía na vida cotiá.				
	B4.3	Uso responsable dos recursos naturais do planeta. Aforro enerxético.				
	B4.4	A produción de residuos, a contaminación e o impacto ambiental.				
	B4.5	Desenvolvemento de actitudes individuais e colectivas fronte a determinados problemas mediambientais.				
	B4.8	Identificación de forzas coñecidas que fan que os obxectos se movan ou deformen.				
	B4.9	Identificación de compoñentes e preparación dunha mestura.				

BLOQUE 5: A TECNOLOXÍA, OBXECTOS E MÁQUINAS

A ENERXÍA E AS MÁQUINAS	B5.1	Manipulación e observación do funcionamento de obxectos, aparellos e máquinas sinxelas (bicicleta, xoguetes, móbiles, tesoiras, roda, manivelas, espremedor, reloxo, pinzas, triturador...).	<ul style="list-style-type: none"> • Materiais informáticos • Materiais manipulativos • Materiais de elaboración propia • Obxectos tecnolóxicos da vida cotiá • Libros de texto e complementarios 	Xuño	8 sesións
	B5.2.	Importancia da ciencia e da tecnoloxía para mellorar as condicións de vida e de traballo.			
	B5.4	Manexo de ferramentas, aparellos e máquinas de uso doméstico, superando estereotipos sexistas.			
	B5.5	Prevenção de riscos no emprego de máquinas de uso cotián.			

3. METODOLOXÍA PRESENCIAL

- Aspectos xerais:

A metodoloxía será fundamentalmente activa, participativa e respectuosa coas diferenzas entre [@s alumn@s](#). Debemos ter en conta que cada alumno parte dunhas fortalezas individuais que hai que seguir desenvolvendo.

Estas fortalezas axudarannos a definir a predominancia de cada unha das súas intelixencias, polo que as tarefas a realizar estarán pensadas dende a teoría das Intelixencias Múltiples como posibilidade para que todo o alumnado chegue a comprender aqueles contidos que necesita adquirir para alcanzar os obxectivos de aprendizaxe que pretendemos.

- Estratexias metodolóxicas

Ao remate do curso [@s alumn@s](#) deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborador como unha forma de adestrar a capacidade empática de poñerse no lugar doutras persoas, e saber expresar en función do contexto e a intención comunicativa o que pode suceder en situacións reais e cotiás.

Procuraremos entrenar o razoamento lóxico mediante a resolución de problemas, e para eso necesitamos dotar aos [alumn@s](#) de ferramentas para poder desenvolver este aspecto. Para eso necesitamos un certo grao de entrenamiento individual e traballo reflexivo de procedementos básicos.

Resulta indispensable a vinculación a contextos reais, así como xerar posibilidades de aplicación dos contidos adquiridos. Para eso, as tarefas competenciais facilitan este aspecto.

Cómpre aprender a vivir en sociedade, coñecendo os mecanismos fundamentais da democracia e respectando as regras da vida colectiva. Por iso, [@s alumn@s](#) han de iniciarse en coñecer e utilizar

destrezas e estratexias para poder dar resposta a aquilo que se lles pide e que consigan aquilo que se propuxo inicialmente.

@s alumn@s han de iniciarse en coñecer e utilizar algunhas das estratexias e técnicas habituais na actividade científica, tal como a observación, a identificación, análise de problemas, organización e tratamento de datos, experimentación, busca de solucións... polo que necesitamos que @s nos@ s iaalumn@s teñan ferramentas que posibiliten conseguir o proposto. O alumnado iníciarase no desenvolvemento de estratexias de metodoloxía científica, tales como a capacidade de formular preguntas, identificar problemas, planificar e realizar actividades,

Deberán ademais formarse no respecto dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais e prepararse para asumir unha vida responsable nunha sociedade libre e tolerante coas diferenzas.

Traballaremos para que poidan iniciarse no desenvolvemento da estimulación do pensamento crítico, a asimilación de valores, na toma de decisións desde xuízos morais e resolución de problemas polo que deberán manexar diferentes destrezas que impliquen o traballo en grupo colaborador como un xeito de adestrar as diferentes habilidades para desenvolver a capacidade de crear espazos de convivencia pacífica, democrática cuns valores socialmente recoñecidos.

- Exemplo de secuenciación de traballo na aula

- *saudar cada mañá e poñer a data coa colaboración dos alumnos con dificultade; para el@s resulta fundamental saber onde, cando e como estamos na escola

- *escribir na pizarra a proposta de traballo para toda a mañá, marcando os tempos e avanzando de xeito esquemático como se vai desenvolver a xornada

- *presentar sempre de xeito interactivo as aprendizaxes que programamos para o día, usando elementos de apoio aportados polo alumnado ou pola profesora

- *realizar actividades encamiñadas á consecución das aprendizaxes propostas

- *traballar en diferentes agrupamentos segundo a actividade que se desenvolva, aínda que polo momento as circunstancias aconsellan traballo individual

- *procurar combinar actividades dinámicas con outras máis regulamentadas

- *escoitar con atención as aportación que @s alumn@s fan sobre aquilo do que tratamos e que poden ser incorporadas, aínda estando fóra da programación

- *propoñer traballo para a casa sempre que non se rematou o proposto na aula, ou cando se estime axeitado para complementar

- Outras decisións metodolóxicas: tentar facer propostas de traballo que poidan ser asumidas por TODO o alumnado
- Agrupamentos: no principio do curso distribución individual
- Tempos: os que marcan os horarios de Centro, con flexibilidade
- Espazos: básicamente a aula, a biblioteca, a aula de informática e o espazo exterior do Centro

4. METODOLOXÍA NON PRESENCIAL:

- Plataforma de ensino: Aula virtual do Centro
- Plataforma/medio de comunicación co alumnado de videoconferencia: Webex
- Plataforma/medio de comunicación coas familias: Abalar ou correo electrónico
- Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado con conectividade:
 - * plan de traballo semanal editado cada luns
 - * resolución, envío e corrección diaria das tarefas que correspondan
- Aspectos xerais da metodoloxía a empregar en alumnado sen conectividade:
 - * tentar que poidan lograr conectividade
 - * envío de tarefas por outros medios

5. AVALIACIÓN

- AVALIACIÓN INICIAL

Data prevista de realización: na última semana de setembro

Tipo de proba (descripción): conversas orais

Mecanismo para informar ás familias: reunións virtuais

Consecuencias dos resultados das probas: coñecer de maneira aproximada o punto do que parte cada alumn@ para traballar dende aí.

- AVALIACIÓN CONTINUA

Periodicidade coa que se farán probas escritas (cada cantos temas, cantas por trimestre ou avaliación, etc.) : ao rematar cada unidade , de maneira aproximada cada dúas/tres semanas

Como se cualifican as probas, os traballos individuais ou colectivos, o traballo no caderno de clase, a observación do traballo na aula (ponderación, redondeo...) : cada tarefa terá un valor predeterminado (habitualmente será con referencia a 10 puntos), e a cualificación será proporcional á corrección do traballo realizado polo alumnado.

Aspectos que se van valorar dentro da observación do traballo na aula e instrumentos para a recollida desta información : a implicación d@ alumn@, o seu esforzo, o recoñecemento das dificultades individuais, a súa capacidade para transmitir e poñer en práctica os coñecementos adquiridos, a orde e sistemática nas tarefas.

Como se calcula a cualificación de cada unha das avaliacións (ponderación, redondeo...) : será a media aritmética dos rexistros das diversas tarefas ; tamén terá valor o redondeo á alza según a apreciación das fortalezas e dificultades persoais de cada alumn@.

6 . CRITERIOS DE AVALIACIÓN

ÁREA DE CIENCIAS NATURAIS

ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN			INSTRUMENTO DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN	PESO %	COMPETENCIAS CLAVE
	1º T	2º T	3º T				
Bloque 1: Iniciación á actividade científica							
CNB1.1.1-Busca, selecciona e organiza a información importante, obtén conclusións e comunica o resultado de forma oral e escrita de maneira ordenada, clara e limpa, en diferentes soportes.	x	x	x	<ul style="list-style-type: none"> • Probas de control • Observación directa • Traballos de investigación • Sinxelas rúbricas de avaliación • Probas orais • Traballo diario 	Busca información importante e comunica resultados de forma oral e escrita	2,5 %	<ol style="list-style-type: none"> 1. CAA 2. CCL 3. CMCCT 4. CSIEE 5. CD
CNB1.1.2-Manifesta certa autonomía na observación, planificación e execución de accións e tarefas e ten iniciativa na toma de decisións.	x	x	x		Manifesta certa autonomía nas tarefas escolares	2,5 %	<ol style="list-style-type: none"> 1. CAA 2. CMCCT 3. CSIEE
CNB1.2.1-Establece conxecturas de sucesos ou problemas do seu contorno mediante a observación obtén unha información.	x	x	x		Obtén información mediante a observación e fai conxecturas sinxelas	2,5 %	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CMCCT • CSIEE
CNB1.3.1-Coñece e aplica estratexias para estudar e traballar de forma eficaz individualmente e en equipo, amosando habilidades para a resolución pacífica de	x	x	x		Coñece e aplica estratexias de traballo e respecto	2,5 %	<ul style="list-style-type: none"> • CAA • CMCT • CSC

conflictos.							▪ CSIEE
Bloque 2: O ser humano e saúde							
CNB2.1.1-Explica a morfoloxía externa do propio corpo, o seu funcionamento nun sentido global e os cambios nas distintas etapas da vida.	x			<ul style="list-style-type: none"> • Probas de control • Observación directa • Traballos de investigación • Sinxelas rúbricas de avaliación • Probas orais • Traballo diario 	Explica a morfoloxía externa do corpo e os cambios nas diferentes etapas da vida.	4,5 %	▪ CMCCT
CNB2.1.2-Coñece os principais órganos vitais e entende a súa importancia no funcionamento do organismo.					Coñece os principais órganos vitais.	4.5 %	▪ CMCCT
CNB2.1.3-Recoñece a importancia dos sentidos para a relación co medio e as formas de coidalos.	x				Recoñece a importancia dos sentidos.	4,2 %	▪ CMCCT
CNB2.2.1-Emprega hábitos de hixiene, de exercicio e de alimentación sa na escola.	x				Emprega hábitos de hixiene e alientación sa na escola.	4,2 %	▪ CMCCT ▪ CSC
CNB2.2.2-Recoñece algúns factores causantes das enfermidades máis habituais (caries, catarros, gripe e obesidade) e aplica actuacións para á súa prevención.	x				Recoñece algúns factores causantes de enfermidades.	4,2 %	▪ CMCCT
CNB2.2.3-Coñece algún trastorno alimentario e as estratexias para a súa prevención.	x				Coñece algún trastorno alimentario.	4,2 %	▪ CMCCT ▪ CSC
CNB2.3.1-Clasifica alimentos en función dos nutrientes principais.	x				Clasifica alimentos.	4,2 %	▪ CMCCT

Bloque 3: Os seres vivos							
CNB3.1.1-Observa, identifica e recoñece as características básicas e clasifica animais vertebrados e invertebrados do seu contorno, con criterio científico.		x		<ul style="list-style-type: none"> • Probas de control • Observación directa • Traballos de investigación • Sinxelas rúbricas de avaliación • Probas orais • Traballo diario 	Clasifica animais vertebrados e invertebrados.	7,5 %	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSIEE
CNB3.1.2-Observa, identifica e recoñece as características das plantas do seu contorno e clasifícaas con criterio científico.		x			Recoñece as características das plantas.	7,5 %	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CSIEE
CNB3.1.3-Utiliza claves e guías para a clasificación de animais e plantas.		x			Clasifica animais e plantas.	7,5 %	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CAA
CNB3.2.2-Rexistra e comunica de xeito oral e escrito os resultados da observación do ciclo vital previamente planificado.		x			Rexistra os resultados da observación do ciclo vital.	7,5 %	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CSIEE ▪ CD
Bloque 4: Materia e enerxía							
CNB4.1.1-Coñece algunhas fontes de enerxía, os seus usos e a súa intervención na vida cotiá.			x	<ul style="list-style-type: none"> • Probas de control • Observación directa • Traballos de investigación • Sinxelas rúbricas de avaliación 	Coñece algunhas fontes de enerxía	1,5 %	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
CNB4.1.2-Emprega actitudes responsables de aforro enerxético e de recollida de residuos na escola.			x		Emprega actitudes responsables de aforro enerxético e de recollida de residuos	1,5 %	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
CNB4.2.1-Explica os cambios de estado da auga en fenómenos naturais e situacións da vida cotián.			x		Explica os cambios de estado da auga	1,4 %	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL

CNB4.2.2-Analiza os efectos das forzas sobre obxectos e movementos cotiáns.			x	<ul style="list-style-type: none"> • Probas orais • Traballo diario 	Analiza efectos das forzas	1,4 %	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CSC
CNB4.2.3-Realiza experiencias sinxelas para identificar as forzas que fan que os obxectos se movan en situacións reais.			x		Realiza experiencias sinxelas de movemento de obxectos	1,4 %	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
CNB4.3.1-Compara densidades de diferentes sustancias que emprega diariamente con respecto á auga.			x		Compara densidades respecto á auga	1,4 %	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
CNB4.3.2-Realiza algunhas mesturas de uso doméstico e presenta conclusións dos resultados.			x		Realiza sinxelas mesturas	1,4 %	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
Bloque 5: A tecnoloxía: obxectos e máquinas							
CNB5.1.1-Coñece e emprega obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso cotián na escola analizando o seu funcionamento.			x	<ul style="list-style-type: none"> • Probas de control • Observación directa • Traballos de investigación • Sinxelas rúbricas de avaliación • Probas orais • Traballo diario 	Coñece e emprega máquinas sinxelas	6,5 %	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT
CNB5.1.2-Identifica e explica a enerxía que empregan obxectos, aparellos e máquinas sinxelas de uso habitual na vida cotiá.			x		Identifica e explica que enerxía utilizan obxectos cotiáns	7 %	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CSC
CNB5.2.1-Identifica e describe oficios en función dos materiais, das ferramentas e das máquinas que empregan.			x		Identifica e describe oficios	6,5 %	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMCCT ▪ CCL ▪ CSC

7 . CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

CCEC	A través da ciencia, podemos coñecer o mundo no que vivimos, o ámbito que nos rodea e os seus cambios, polo que esta competencia nos pode dar unha visión diferente desde a perspectiva das diferentes manifestacións culturais e a forma de expresión artística.
CCL	A expresión oral e a expresión escrita requiren dun adestramento en cada unha das áreas. De forma sistemática procuraremos adestrar polo menos un descriptor en cada unha das unidades didácticas. Debido ao carácter da área, coa importancia de iniciar os alumnos nesa busca de información e presentarlle ao resto, de realizar simulacións, de iniciarse na actividade científica..., é unha prioridade traballar co alumnado a comprensión ao longo destas unidades que se desenvolven.
CAA	A competencia de aprender a aprender supón dispoñer de habilidades para iniciarse na aprendizaxe e ser quen de continuar aprendendo de xeito cada vez máis eficaz e autónomo de acordo con aquilo que consideramos. Nesta área vese a necesidade de traballar de forma explícita a confianza nun mesmo para poder traballar cos outros e o gusto por aprender.
CD	Ser competente na utilización das tecnoloxías da información e da comunicación como instrumento de traballo intelectual inclúe utilízalas na súa dobre función de transmisoras e xeradoras de información e coñecemento. Desde esta área faise necesario o manexo de ferramentas dixitais para a adquisición de información transformándoa en coñecemento.
CSIEE	Na área de Ciencias da Natureza preténdese iniciar o alumnado na actividade científica polo que este aspecto se vincula ao desenvolvemento desta competencia. A necesidade de traballar a autonomía persoal, a xestión de grupos de traballo desde un liderado compartido fai que teñamos que fomentar habilidades de emprendemento que alcancen os obxectivos propostos.
CMCCT	O desenvolvemento desta competencia nesta área curricular permítenos utilizar elementos e razoamentos matemáticos para resolver problemas provenientes de situacións cotiás partindo do coñecemento dun mesmo, da natureza e da interacción cos outros. Así mesmo, incorpora a aplicación dalgunhas nocións, conceptos científicos e técnicos coa posibilidade real de utilizar a actividade matemática en contextos variados aos que se ten que enfrontar o propio alumno.
CSC	A área de Ciencias da Natureza pídenos desenvolvemento de actitudes e valores vinculados ao respecto cara a un mesmo e cara aos demais, cara á natureza, cara ao traballo propio das ciencias e o seu carácter social.

LEENDA COMPETENCIAS:

CCL	Comunicación lingüística.
CMCCT	Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
CAA	Competencia aprender a aprender.
CD	Competencia dixital.
CSC	Competencias sociais e cívicas.
CSIEE	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
CCEC	Conciencia e expresións culturais.

8 . AVALIACIÓN DO PROCESO DE ENSINO E DA PRÁCTICA DOCENTE

- INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO

	Escala			
	4	3	2	1
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

- **INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE**

	Escala			
	4	3	2	1
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrécense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáanse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

6. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

- **Periodicidade coa que se revisará.**
Ao remate do trimestre

- **Contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista.**
Contidos de repaso de temas pendentes polo confinamento
- **Medidas que se adoptarán como resultado da revisión.**
Facer a avaliación inicial transcurrido un tempo para o repaso.
Antes de iniciar cada nova tarefa, revisar as aprendizaxes previas para partir dende aí.

Indicadores:

	Escala			
	4	3	2	1
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Assignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

7. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

- MEDIDAS ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS

Medidas ordinarias	
Organizativas	Curriculares
<ul style="list-style-type: none"> • Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula. 	<ul style="list-style-type: none"> • Adaptacións metodolóxicas para algún alumno / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.

<p>a) Tempos diferenciados, horarios específicos, etc. Tempos máis amplos</p> <p>b) Espazos diferenciados. Predominarán os espazos comúns</p> <p>c) Materiais e recursos didácticos diferenciados. Facer unha proposta ampla de recursos interactivos e materiais manipulativos</p> <p>• Desdoblamento de grupos. Non</p> <p>• Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula.</p> <p>Atención preferente da titora na aula e promover apoios dentro da aula</p>	<p>Aprendizaxes significativas e buscando sempre que sexa posible partir de tarefas manipulativas</p> <p>• Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a.</p> <p>Adaptación de tempos e instrumentos Facer propostas variadas e atractivas</p> <p>• Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias.</p> <p>Atención preferente da titora na aula e promover apoios dentro da aula</p> <p>• Programa específico para alumnado repetidor da materia.</p> <p>Non</p> <p>• Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia.</p>
---	---

Medidas extraordinarias	
Organizativas	Curriculares
<p>• Alumnado que recibe apoio por parte do profesorado especialista en PT / AL.</p> <p>Atención preferente da titora na aula e promover apoios dentro da aula</p> <p>• De ser o caso, grupos de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro). Non</p>	<p>• Adaptacións curriculares na materia.</p> <p>Non</p> <p>• De ser o caso, agrupamento flexible ou específico autorizado na materia.</p> <p>Non</p>

<ul style="list-style-type: none"> • De ser o caso, grupos de adaptación da competencia curricular (alumnado estranxeiro). 	<ul style="list-style-type: none"> • Alumnado con flexibilización na escolarización.
<p>Non</p>	<p>Non</p>
<ul style="list-style-type: none"> • Outras medidas organizativas: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc. 	<ul style="list-style-type: none"> • Descrición do protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia os reforzos, apoios, adaptación, etc. (coordinación cos PT / AL / outro profesorado de apoio / profesorado do agrupamento / etc. * comunicación co EO nos casos de necesidades específicas * explicación das tarefas para os apoios na aula
<p>Non</p>	

8. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

Referencia á súa inclusión na PXA

9. CRITERIOS DE PROMOCIÓN DO ALUMNADO:

Seguindo a normativa vixente, o centro aprobou en claustro os seguintes criterios de promoción do alumnado:

- a) ORDE do 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Decreto 105/2014 do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia. Capítulo II

○ **CRITERIO NUMÉRICO:**

Con 1 materia non superada: Promociona

A partir de 2 materias non superadas: Aplicar criterios de promoción pedagóxico.

○ **CRITERIOS PEDAGÓGICOS:**

- 1-Nada de acordo
- 2- Pouco
- 3-Bastante
- 4- Moi de acordo

CRITERIO	Non promoción		Promoción	
	4	3	2	1
d) Esgotáronse todas as medidas ordinarias de atención á diversidade?*				
6. O grao de madurez do alumno/a favorece a non promoción?*				
7. A proposta de non promoción (metodoloxía, aula, recursos, alumnado do seu novo grupo de referencia...) vai favorecer que supere os estándares?n				
8. Os estándares que non supera corresponden principalmente ás competencias en comunicación lingüística e/ou matemática?				
	Promoción		Non promoción	
	4	3	2	1
9. Inciden causas emocionais no seu baixo rendemento?				
10. Está integrado no seu grupo?				
11. Os estándares que non supera están no seguinte nivel?				

*

Adecuación da estrutura organizativa da aula.

Traballo co profesorado especialista do departamento de orientación

Adaptación de tempos, instrumentos e/ou procedementos de avaliación

Adaptación metodolóxica (traballo cooperativo, presentación de contidos, tipo-cantidade de exercicios)

Programa de reforzo

Programa de recuperación

Programa de habilidades sociais

Artigo 6. Promoción de curso e de etapa

1. Ao finalizar cada un dos cursos, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de forma colexiada, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor.

2. O alumno ou a alumna accederá ao curso ou á etapa seguintesempre que se considere que logrou a progresión adecuada nos obxectivos da etapa e que alcanzou o adecuado grao de adquisición das competencias correspondentes. Os informes das avaliacións individualizadas de terceiro curso de educación primaria e de final de

educación primaria teranse en conta, se é o caso, segundo o seu carácter informativo e orientador, de acordo establecido no artigo 12.8 do Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

3. Cando un alumno ou unha alumna non promocióne deberá permanecer un ano máis no mesmo curso. Esta medida poderá adoptarse unha soa vez durante a etapa, oídos os pais, as nais ou as persoas que exerzan a tutoría legal, e deberá ir acompañada dun plan específico de reforzo ou recuperación e apoio

4. A repetición considerárase unha medida de carácter excepcional e tomarase tras esgotar o resto das medidas ordinarias de reforzo e apoio para resolver as dificultades de aprendizaxe do alumnado.

5. O alumnado que promocióne de curso con algunha área con cualificación negativa deberá seguir un plan específico de recuperación.